

MEMORIAS DUN CARACOL

1453

Adam Elliot, 2024

ESTREA EN NUMAX: 31.01.2025 | V.O.S.E. | +16 | 94 min

Australia, anos 70. Grace Pudel é unha solitaria e inadaptada nena afeccionada a coleccionar figuras decorativas de caracois e cun amor profundo polas novelas románticas. A morte de seu pai cando tan só é unha nena lévaa a separarse do seu irmán mellizo Gilbert, feito que a aboca a unha espiral de ansiedade e anguria. Porén, a esperanza volve á súa vida cando coñece unha excéntrica anciá chea de determinación e amor pola vida chamada Pinky, coa que vai entablar unha longa amizade que lle mudará a vida para sempre.

«Unha fábula fermosa, chea de graza e dente, con gran vontade de desgarrar e entretemento»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



Preparade os panos

Por Marta Medina

Adam Elliot, aclamado cineasta australiano creador de *Mary and Max* (2009), está a piques de gañar o alcume de mestre do stop-motion, pois *Memorias dun caracol* tamén emprega esta técnica de animación. Ambientada na Australia dos 70, o filme segue a Grace, unha nena cuxa vida está marcada pola traxedia. Tras a morte de seus pais, ela e o seu irmán xemelgo, Gilbert, son separados e enviados a extremos opostos do país. En medio desta soidade e tristura, Grace encontra consolo coleccionando adornos de caracois e na súa amizade cunha anciá chamada Pinky.

A través da súa particular técnica de “plastimación”, o australiano reivindica o stop-motion como unha efectiva e relevante técnica e demostra por que este estilo de animación, o máis lonxevo do cinema, merece seguir vivo. Un método que, iso si, esixe unha paciencia case sobrehumana e un elevado custe. Porén, é un estilo que experimentou un notable rexurdimento nos últimos anos con títulos como *Pinocho de Guillermo del Toro* (2022), *Wendell & Wild* (2022), de Henry Selick, ou *Marcel, a cuncha con zapatos* (2021), de Dean Fleischer-Camp.

Esteticamente, a nova película de Elliot comparte a distintiva paleta de cores e o deseño de personaxes que xa caracterizaran a *Mary and Max*. Unha historia que, unha vez máis, se conta a través das voces en off perfectamente matizadas dun elenco estelar encabezado por Sarah Snook (*Succession* -Jesse Armstrong, 2018-) como Grace, Kodi Smit-McPhee (*O poder do can* -Jane Campion, 2021-) como Gilbert e Jacki Weaver (*O lado bo das cousas* -David O. Russell, 2012-) como Pinky.

Desde o flashback inicial á infancia de Grace, Elliot consegue conectar emocionalmente co público, establecendo unha empatía cos irmáns protagonistas que perdura ao longo de todo o filme. O guión, tamén obra de Elliot, destila o seu característico humor, como demostra a divertida frase coa que comeza o salto temporal: "Papá adoitaba dicir que a infancia era como estar bébedo. Todo o mundo recorda o que fixeches agás ti". Gags inxenuos que seguen ao longo do filme a provocar a risa entre o público en momentos puntuais, aínda que non todo é humor neste filme cunha historia tremendamente trágica. Para nada.

O filme aborda sobre todo temas de peso e moito máis adultos do que alguén que non estea familiarizado co cinema de Elliot podería agardar dun filme de animación: soidade, acoso escolar, adicións, sexo, morte ou suicidio. E, por iso, o filme poderíase encapsular como unha película animada para público adulto. Pero, a pesar da escuridade que impregna a narración, o guión de Elliot logra acabar cunha mensaxe profundamente resoante de luz e esperanza que arrancará as bágoas do público.

En definitiva, *Memorias dun caracol* eríxese como unha das mellores películas realizadas en 2024 e que merece estar presente na tempada de premios. Avisados quedades: preparade os panos.

Publicado en mundocine.es